



INTRODUCCIÓN

A partir do marco legal establecido na LODE, LOXSE, LOPAGCE, LOCE e o Regulamento Orgánico de Centro, intentouse traducir e clarificar a normativa vixente adaptándoa ás tarefas do noso centro de ensinanza, dando como resultado a actual redacción do Proxecto Educativo do Centro.

O Centro Educativo Privado Concertado CALASANZ - PP. ESCOLAPIOS está ubicado na cidade da Coruña, Estrada dos Fortes s/n, e está inscrito no regulamento de centros do administración co número 15004010.

O centro acóllese ó réxime de concertos, regulamentado no título IV da Lei Orgánica do Dereito á Educación, no Regulamento de Normas Básicas sobre concertos educativos aprobados polo Real Decreto 2377/1985 de decembro e nos normas que o desenvolven.

Tomen observa, no seu caso, a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA ZONA DE INFLUENCIA DO CENTRO.

O colexio Calasanz- PP. Escolapios atópase situado no ángulo N-NO da cidade, no zona de San Pedro de Visma, colindante có barrio de "Los Rosales", de recente creación.

Este centro escolar, que se pode considerar situado nunha zona de nova poboación, ten como núcleos poboacionais máis pretos os constituídos polos barrios de Labañou, Cidade Escolar e "Los Rosales". Esta referencia xeográfica vese ampliada á hora de analizar a zona de influencia recoñecida polo Delegación Provincial da Consellería de Educación da Coruña para o centro, polo que tamen, habería que ter en conta os barrios do Ventorrillo, San Pedro de Visma e San Roque.

Unha análise xeral da área de actuación do centro permitiríanos concluir que na mesma conviven zonas con características diferentes: algunhas que se atopan nun forte crecemento poboacional, receptoras dun gran volume de nova poboación , e outras nun proceso de reconversión urbanística. Tamen se dan grandes diferenzas demográficas, urbanísticas, económicas e de servizos, observándose espazos principalmente urbanos e algúns de carácter rural.

Segundo os datos poboacionais facilitados polo Concello da Coruña correspondentes ó Padrón Municipal de habitantes, recompilados o 17 de Xullo de 2002, a distribución de poboación en relación coa idade e sexo da zona de influencia do centro é a seguinte:

IDADES	HOMES	MULLERES	TOTAIS
de 0 a 3 anos	274	263	537
de 4 a 18 anos	969	940	1909
de 19 a +65 anos	5307	5468	10775
TOTAIS	6580	6671	12221

En función dos datos recadados, o 15'6% da poboación atópase en idade escolar e o 4'4% é menor de 3 anos.

O BARRIO DE LABAÑOU nestes momentos está practicamente rodeado polo novo barrio de "Los Rosales", aínda que inclúe a zona de San Roque de Afuera. Está formado maioritariamente por grupos de vivendas de clase media-baixa.

O BARRIO DE "LOS ROSALES" está composto por grandes bloques de edificios de nova construción. A poboación deste novo barrio é, na súa maioría, nova e de estracción social media, o que lle dá á zona unha dinámica de futuro tendente ó crecemento e á expansión.

Ademais dos barrios de Labañou e Los Rosales, o colexio atópase preto do barrio chamado CIDADE ESCOLAR. É unha zona de poboación caracterizada polos numerosos centros de ensino; de aí, a súa denominación.

EQUIPAMENTO E SERVIZOS SOCIAIS.

- CENTROS DE ENSINO DA REDE PÚBLICA

- Gardería do Ventorrillo
- Centro de E. P. Emilia Pardo Bazán
- Centro de E. P. San Pedro de Visma
- C. E. I. P. "Aneja" PRÁCTICAS
- C. E. I. P. M^o Barbeito
- C. E. I. P. Raquel Camacho
- I. E. S. Salvador de Madariaga
- I. E. S. Rafael Dieste
- Centro Calvo Sotelo

- CENTROS DE ENSINO PRIVADOS CONCERTADOS

- Escola Infantil Bolboreta
- Gardería das monxas do refuxio PP. Rubinos
- Escola infantil Nazaret
- Escola Infantil Globos
- Centro "ESCLAVAS DO SAGRADO CORAZÓN"
- Centro "CALASANZ FEMENINO - RR. CALASANCIAS"
- Centro "CALASANZ - PP. ESCOLAPIOS"

- CENTROS DE ENSINO SUPERIORES

- Escola de Idiomas
- Conservatorio de Música
- Escola Superior da Mariña Civil
- Universidade Nacional a Distancia. Centro asociado.
- Facultade de Comunicación e Medios Audiovisuais
- CUR

- CENTROS DEPORTIVOS.

- Pistas polideportivos e pavillón do colexio Calasanz - PP. Escolapios
- Pistas polideportivas e pavillón do colexio Calasanz Feminino.
- Polideportivo Agro II.
- Polideportivo de Cocheras.

- Pistas e campos da Nosa Señora do Carme.

- Pavillóns Deportivos Municipais.
- Pavillón e Pistas Polideportivas do Centro Calvo Sotelo.

- CENTROS DE SAÚDE.

- Centro de Saúde de Labañou.
- Centro de especialidades do Ventorrillo.
- Centro de Saúde de Os Rosales.

- CENTROS RESIDENCIAIS.

- Residencia Padre Rubinos.
- Fundación Obra de la Señora

- CENTROS CÍVICOS.

- Centro Cívico de Labañou.
- Asociación Distrito V.
- Centro Cívico de San Pedro de Visma.
- Centro Cívico de Pescadores.

- PARROQUIAS.

- San Pedro de Visma.
- San Pío X e San Roque
- A Nosa Señora do Socorro.
- Nuestra Señora de Los Rosales

¿QUEN SOMOS?

Somos unha escola que, seguindo o Proxecto Educativo de San Xosé de Calasanz, propugna unha educación integral, pluralista e non discriminatoria para colaborar na reforma e transformación da sociedade, mediante a búsqueda da verdade e o discernimento dos valores dende a fe e á luz do Evanxeo.

A Entidade Titular do centro son as Escolas Pías de España, Terceira Demarcación, institución relixiosa católica con personalidade xurídica e a capacidade que se lle recoñece no artigo I do acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre asuntos xurídicos e os propios Estatutos da Orde.

A Comunidade de Pais Escolapios da Coruña está inscrita no Rexistro de Institucións Relixiosas do Ministerio de Xustiza co número 954-c/13-SE/B.

❖ CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CENTRO.

As instalacións que estruturan o centro educativo divídense en tres bloques principais.

BLOQUE 1.

➤ *PLANTA BAIXA.*

- Aulas de Educación Infantil
- Aseos.
- Sala de usos múltiples.
- Despacho de coordinación de Ed. Infantil.
- Saídas de Emerxencia.
- Zonas de recreo para E. I.

➤ *PLANTA PRIMEIRA.*

- Aulas de Ensinanza Secundaria e Bacharelato.
- Locais de usos múltiples
- Aulas de informática.
- Laboratorios.
- Biblioteca.
- Sala de audiovisuais.
- Aula-taller
- Despacho de coordinación de ESO e Bacharelato.
- Despacho de coordinación de Pastoral.
- Sala de profesores.
- Aseos.

- Saídas de emerxencia.

➤ *PLANTA SEGUNDA.*

- Aulas de Ed. Primaria
- Despacho de Coordinación de Ed. Primaria.
- Aulas de apoio.
- Despacho de Coordinación do Departamento de Acción Social.
- Aseos.
- Saídas de emerxencia.

➤ *ENTRADA PRINCIPAL.*

- Conserxería.
- Salas de entrevistas con pais.
- Aseos.
- Salón de Actos.
- Gabinete de Orientación.
- Despachos de Dirección Xeral, Dirección de Ed. Infantil e Ed. Primaria, Titular, Xerente e Secretariado.
- Sala de Reunións.
- Enfermería.
- Salas de usos múltiples.
- Dúas capelas.

BLOQUE 2.

➤ *PAVILLÓN DEPORTIVO.*

- Dúas pistas de deportes.
- Salas de psicomotricidade.
- Aseos.
- Duchas.
- Vestiarios.
- Oficinas do Clube Deportivo.
- Cafetería.
- Local AMPA

BLOQUE 3.

- Pistas polideportivas exteriores
- Campo de fútbol

BLOQUE 4.

- COMUNIDADE DE ESCOLAPIA.
- COMEDOR ESCOLAR.
- COCIÑA.
- ASEOS.

❖ CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO.

- Profesores de E. I, E. P, E50 e Bacharelato
- Departamento de Orientación

O equipo docente réunese semanalmente. Os profesores realizan periodicamente cursos de formación.

- Equipo directivo. Compoñentes.
 - Titular.
 - Director/a Xeral e de ESO
 - Director/a de Ed. Infantil e Ed. Primaria.
 - Director de Bacharelato.
 - Coordinador/a do Departamento de Acción Social.
 - Coordinador/a do Departamento de Pastoral.
 - Xerente.
 - Orientador/a.

❖ CARACTERÍSTICAS INSTITUCIONAIS.

- Etapas que se imparten.
 - Educación Infantil.
 - Educación Primaria.
 - Educación Secundaria Obrigatoria.
 - Bacharelato.

- Horario Xeral.

Ed. Infantil e Ed. Primaria.	9:15 a 12:30
	15:00 a 17:00

ESO e Bacharelato.	8:30 a 14:10
--------------------	--------------

Tarde do luns de 16:20 a 18:00

- Servizos ofertados no noso centro.
 - Actividades Extraescolares.
 - Gardería.

- Comedor.
- Transporte.
- Orientación Psicopedagógica.
- Asociación de Pais de Alumnos.
- Grupos de Pastoral e de Acción Social.
- Clube Deportivo Calasanz

❖ CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

- A ratio de alumnos por aula en toda as seccións atense á normativa vixente.
- A promoción do alumnado queda suxeita á normativa vixente.

¿QUE QUEREMOS?

PRINCIPIOS.

- ❖ En relación co Ideario do Centro.
 - Propiciar unha educación integral que aúne coñecementos, discernimento dos valores e búsqueda da verdade para unir cultura e dimensión transcendente: Piedade e Letras.
 - A formación para o exercicio da liberdade persoal, respectando aos demais, fomentando a paz, a convivencia e rexeitando a opresión, a marxinação e a discriminación por razóns de cultura, ideoloxía, relixión ou sexo.
 - Educar para a paz, xustiza, solidariedade, respecto e valoración de todas as culturas, etnias, ideoloxías relixiosas e crenzas.
 - Acompañar aos alumnos/as no búsqueda da verdade científica e transcendente.
 - Posibilitar o desenvolvemento da mensaxe cristiá e da vida sacramental, participando no misión evanxelizadora da Igrexa e a imitación de San Xosé de Calasanz. Dar preferencia as clases populares e fundamentalmente aos máis necesitados, incorporando no vida o talante de entrega aos demais.
- ❖ En relación co alumnado.
 - Pleno desenvolvemento da personalidade do alumno/a mediante unha educación personalizada que, atendendo á singularidade e creatividade, incite á búsqueda da verdade mediante o desenvolvemento intelectual.
- ❖ En relación coa familia e sociedade.
 - A socialización do alumno/a, tanto no interrelación persoal coma no participación na sociedade.
 - Desenvolver a actitude reflexiva e crítica fronte os medios de comunicación e ante a sociedade de consumo, estimulando a singularidade e creatividade dos alumnos/as.
 - Descubrir e integrar os valores do contorno como a forma máis responsable de pertenza ao grupo humano.
 - Valorar a lingua como a base da cultura galega contribuíndo á súa normalización en todos os ámbitos.
 - Favorecer a práctica de actividades deportivas e a organización de grupos de carácter calasancio.
 - Pedir ás familias corresponsabilidade cos obxectivos e criterios educativos do centro, así como fomentar a participación democrática de todos os sectores da Comunidade Educativa.

- ❖ En relación co profesorado.

- Facilitar o acceso ao saber e a interpretación e valoración da realidade mediante unha metodoloxía aberta e flexible, atenta ao contorno e que, primando as técnicas de aprendizaxe sobre os contidos, sexo útil para os alumnos/as con maiores carencias.
- Contribuír á madurez no responsabilidade persoal, no sentido do deber e no valoración do traballo que capacite para o posterior desenvolvemento no exercicio das actividades profesionais.
- Avaliar periodicamente o noso traballo e o dos nosos alumnos/as promovendo a autoavaliación como estímulo e orientación do proceso educativo.
- Utilizar técnicas de innovación pedagóxica, medios educativos complementarios e adecuadamente ambientados.
- Potenciar de forma progresiva a utilización das novas tecnoloxías aplicadas á educación.

VALORES.

1. Fe e vivenza da mensaxe cristiá.
2. Xustiza, paz, solidariedade, respecto, tolerancia e (iberdade.
3. Compromiso personal para mellorar a sociedade.
4. Respecto e defensa do medio ambiente. 5. Pluralidade lingüística.
6. Reflexión e crítica fronte aos medios de comunicación e ante a sociedade de consumo.
7. Responsabilidade, sentido do deber e do traballo.
8. Diálogo como medio para a resolución de problemas (acercamiento de posturas).

OBXECTIVOS.

I. Relixiosos.

1. Desenvolver no vida a dimensión relixiosa como parte da formación integral.
2. Valorar os sacramentos como forma de crecemento persoal, dentro do proceso de evanxelización.
3. Imitar a María e Xesús de Nazaret como modelos de crentes.
4. Coñecer a vida e significado da persoa de San Xosé de Calasanz.
5. Fomentar o diálogo fe-cultura.
6. Iluminar a cultura e a vida dende unha actitude crítica que busca honestamente a verdade.

II. Socio-culturais.

1. Participar dende a escola no reforma da sociedade.
2. Incorporar o talante de entrega aos máis necesitados no proxecto de vida persoal.
3. Valorar, respectar e potenciar a interculturalidade.
4. Evitar a discriminación por razón de ideoloxía, sexo, relixión, crenza, pertenza cultural.
5. Descubrir e integrar os valores do entorno.
6. Promover a participación dos alumnos/as no vida da escola.
7. Facer presente no currículo a educación dos valores con pautas de accións concretas.

III. Hábitos intelectuais e técnicas de traballo.

1. Utilizar técnicas de innovación pedagóxica, medios educativos complementarios, formativos e adecuadamente ambientados.
2. Incorporar no aula os avances técnicos e pedagóxicos que actualicen a nosa didáctica escolar.
3. Facilitar o acceso ao saber interpretando e valorando a realidade.
4. Avaliar periodicamente as programacións e promover autoavaliación.
5. Estimular o desenvolvemento da singularidade e creatividade.
6. Valorar e utilizar o diálogo sincero, como comunicación e medio de resolución de problemas entre profesores/as e entre alumnos/as.
7. Crear un clima de confianza no trato escolar.

IV. Desenvolvemento persoal.

1. Presentar como opción persoal e libre a vida segundo o Evanxeo ao modo de San Xosé de Calasanz.
2. Dar unha resposta cristiá para unha sociedade máis xusta iluminando cultura e vida coa fe.

- a. Asumindo a propia liberdade e respectando a dos demais.
 - b. Defendendo un diálogo sincero e respectuoso.
 - c. Actuando por propia convicción.
 - d. Promovendo a xustiza nos relacións persoais e nos estruturas e institucións.
 - e. Madurando nos diversos ámbitos da responsabilidade persoal.
3. Participar da vivenza da mensaxe cristiá.

¿COMO NOS ORGANIZAMOS?

❖ ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO (ver organigrama.)

O centro dispón dun Representante da Titularidade coas competencias que se determinan no documento da institución, titulado " A nosa Resposta Educativa".

Os Órganos de Goberno son unipersoais e colexiados.

UNIPERSOAIS.

- Director xeral
- Director/a académico/a
- Coordinadores académicos
- Coordinadores de Departamentos de Pastoral, Acción Social Orientación e Normalización Lingüística
- Xerente
- Secretario/a.

COLEXIADOS.

- Equipo Directivo.
- Claustro de profesores/as.
- Consello Escolar (en niveis concertados/suvencionados)

❖ ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

• DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. OBXECTIVOS

1. Servir de apoio e axuda a todos os estamentos do centro.
2. Apoio psicopedagóxico: alumnos, profesores e pais.
3. Integración do departamento en todas as actividades do centro.
4. Elaboración dos Proxectos Educativos do Centro a través da transversalidade e diversidade.
5. Plan de Acción Titorial
6. Orientación profesional e vocacional
7. Atención á diversidade.

- DEPARTAMENTO DE PASTORAL. OBXECTIVOS

1. Creación do equipo de pastoral local
2. Elaboración do Proxecto de Pastoral do Centro
3. Creación da Escola Local de Axentes de Pastoral
4. Consolidar o funcionamento e a coordinación dos grupos "Amanecer".
5. Grupo Cristiano Calasancio.

- DEPARTAMENTO DE ACCIÓN SOCIAL. OBXECTIVOS

1. Ser o máis fieis posible á opción calasancia polos máis necesitados e actualizar a mensaxe de Calasanz
2. Facilitar os nosos alumnos de Bacharelato e da E50, accións directas de voluntariado
3. Poñer as nosas persoas e instalacións ao servizo dos máis necesitados.
4. Potenciar e manter a nosa colaboración con asociacións e institucións benéficas e educativas.
5. Elaborar materiais propios para orientar e facilitar o traballo a titores, profesores e alumnos, en colaboración con outros departamentos.
6. Motivar a toda a comunidade educativa no labor social.
7. Facilitar o desenvolvemento dos temas transversais.

- EQUIPO DE NORMALIZACIÓN OBXECTIVOS.

1. Profundizar no labor de normalización lingüística na vida escolar, cun espírito de integración, cooperación e reflexión compartida.
2. Estimular prácticas lingüísticas e educativas que propicien unha real capacitación dos alumnos nas distintas linguas curriculares.
3. Fomentar unha nova educación lingüística, unha nova sensibilidade educativa, superadora de vellos prexuízos e discriminacións latentes no ámbito escolar e social cara ó uso da lingua galega.
4. Procurar un contacto permanente e fluído con tódolos compoñentes e organismos da comunidade escolar, sensibilizándoos co proxecto de normalización e animándoos no compromiso co uso da lingua galega.
5. Integrar no proxecto tódalas propostas normalizadoras xurdidas desde as diferentes instancias do centro, conformando así un proceso aberto e integrador asumido por un gran número de integrantes da comunidade escolar.
6. Compartir experiencias normalizadoras con outros centros educativos, institucións... para acadar unha dinámica normalizadora enmarcada nun proxecto social máis amplo.
7. Orientar e conforma-las directrices lingüísticas que impregnar o PEC e o PCC.

❖ COORDINACIÓN CON OUTROS CENTROS.

No actualidade mantemos relación de colaboración con outros centros educativos da zona de influencia do noso centro.

❖ COORDINACIÓN COS SERVIZOS DO MUNICIPIO.

O noso centro está inscrito no programa "Descubrir Coruña" a través do cal os/as alumnos/as visitan distintas institucións e entidades que colaboran co Concello da Coruña, tales como, a Universidade, o Distrito V, entre outras.

❖ PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO.

- Reunións trimestrais cos delegados en E50 e Bacharelato.
- Asistencia dos delegados de E50 e Bacharelato ás reunións de avaliación.
- Grupo de teatro.
- Organización e desenvolvemento en colaboración co profesor de Educación Física, durante os recreos, de distintos torneos deportivos.
- Representación no Consello Escolar
- Participación en:
 - Departamento de Acción Social
 - Departamento de Pastoral
 - Coro
 - Normalización Lingüística

❖ ORGANIZACIÓN DOS PAIS

- Organízanse, dun xeito voluntario, como A.M.P.A. Están inscritos no Rexistro Provincial de Asociacións co número 246/1.
- Participan catro pais no Consello Escolar do centro, o número de membros que marca a normativa.
- Clube Deportivo Calasanz, inscrito no rexistro de Clubes da Xunta de Galicia có número 297.